PREGO TIPO N.º 4-2018-PCAP-SUB-PAS

Prego tipo de cláusulas administrativas particulares da Universidade da Coruña para a contratación de subministracións mediante o procedemento aberto simplificado

Índice

I. ELEMENTOS DO CONTRATO

1. Réxime xurídico

2. Obxecto

3. Financiamento

4. Valor estimado do contrato, orzamento base de licitación, prezo do contrato e revisión

4.1. Valor estimado do contrato

4.2. Orzamento base de licitación

4.3. Prezo do contrato

4.4. Revisión

5. Garantías

6. Gastos

7. Prazo de execución e lugar de entrega da subministración

II. PARTES DO CONTRATO

8. Órgano de contratación

8.1. Competencia para contratar

8.2. Perfil do contratante

9. Empresario

9.1. Aptitude e capacidade

9.2. Solvencia. Integración da solvencia con medios externos e concreción das condicións de solvencia

9.3. Condicións especiais de compatibilidade

9.4. Persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes á Unión Europea ou de estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo

9.5. Empresas comunitarias ou de estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo

9.6. Unións de empresarios

9.7. Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público

III. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

10. Procedemento de adxudicación, criterios de adxudicación e tipo de tramitación do expediente

11. Proposicións

11.1. Presentación de proposicións, lugar e prazo

11.2. Forma de presentación das proposicións

11.2.1. Modalidade I. Único sobre de declaración responsable e oferta de criterios valorables en cifras ou porcentaxes

11.2.1.1. Declaración responsable e oferta de criterios valorables en cifras ou porcentaxes

11.2.1.2. Unións temporais de empresarios

11.2.1.3. Declaración responsable conforme ao anexo II

11.2.1.4. Referencias técnicas

11.2.2. Modalidade II
11.2.2.1. Sobre A: declaración responsable e oferta de criterios non valorables en cifras ou porcentaxes
11.2.2.1.1. Declaración responsable conforme ao anexo VI
11.2.2.1.2. Unións temporais de empresarios
11.2.2.1.3. Declaración responsable conforme ao anexo II
11.2.2.1.4. Documentación dos criterios non avaliables en cifras ou porcentaxes
11.2.2.2. Sobre B: oferta de criterios valorables en cifras ou porcentaxes
12. Selección do contratista e adxudicación
12.1. Mesa de contratación
12.1.1. Modalidade I: cando o licitador só presente un sobre
12.1.2. Modalidade II: cando o licitador deba presentar dous sobres
12.2. Fase de adxudicación do contrato
12.2.1. Documentación previa á adxudicación
12.2.2. Adxudicación do contrato
13. Formalización do contrato
IV. EXECUCIÓN DO CONTRATO
14. Facultade de dirección e inspección
15. Execución do contrato
16. Entrega de bens
17. Seguros
18. Condicións especiais de execución do contrato de carácter social, ético, medioambiental ou doutra orde
19. Obrigas do contratista
19.1. En materia medioambiental, social e laboral, fiscal e de transparencia
19.2. En supostos de subcontratación
19.3. Relativas á xestión de permisos, licenzas e autorizacións
19.4. Gastos e impostos esixibles ao contratista
19.5. Deber de confidencialidade e protección de datos de carácter persoal
19.6. Cesión do contrato
19.7. Outras obrigas do contratista
20. Prazos e penalidades
21. Aboamento do prezo
22. Recepción e prazo de garantía
23. Modificacións do contrato e suspensión
23.1. Modificacións previstas no PCAP
23.2. Modificacións non previstas no PCAP
23.3. Suspensión do contrato
24. Resolución do contrato
V. PRERROGATIVAS DA UDC, XURISDICIÓN E RECURSOS
25. Prerrogativas da UDC
26. Xurisdición competente e recursos

I. ELEMENTOS DO CONTRATO

1. Réxime xurídico

Este contrato ten carácter administrativo, de acordo co previsto no artigo 25 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (en diante, LCSP), pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014. As partes quedan sometidas expresamente ao establecido neste prego e no correspondente **cadro de características**.

Na preparación, a adxudicación, os efectos e a extinción do contrato, ambas as partes quedan sometidas expresamente á LCSP e ás disposicións que se diten no seu desenvolvemento e aplicación.

Este prego de cláusulas administrativas particulares (en diante, PCAP), o prego de prescricións técnicas (en diante, PPT) e os demais documentos anexos revestirán carácter contractual. En caso de discordancia entre este prego e calquera outro dos documentos contractuais, prevalecerá este prego.

O descoñecemento das cláusulas deste prego, do contrato en calquera dos seus termos e dos documentos anexos que forman parte del, así como das instrucións ou normas de calquera índole aprobadas pola Universidade da Coruña (en diante, UDC) que poidan ser de aplicación en execución do pactado, non eximirá o contratista da obriga do seu cumprimento.

No suposto de que no **cadro de características** se admita a presentación de variantes ou melloras, os licitadores poderán ofrecer as súas alternativas na forma establecida no **anexo VII**, cos requisitos, modalidades e características técnicas fixadas no PPT e resumidas neste anexo.

2. Obxecto

O obxecto do contrato a que se refire este PCAP é o sinalado no **cadro de características**, de acordo coas condicións establecidas no PPT e, de ser o caso, coas modificacións que poidan introducirse nos supostos previstos no artigo 203 e seguintes da LCSP.

Se así o sinala o **cadro de características**, existirá a posibilidade de non dividir o obxecto do contrato en lotes. O órgano de contratación deberá xustificar debidamente no expediente que existen motivos válidos para non dividir en lotes o obxecto do contrato. Esta mesma xustificación faise constar no **cadro de características.**

As necesidades que se satisfarán mediante o contrato son as contidas na resolución administrativa de iniciación do expediente cuxa data de aprobación consta no **cadro de características.**

3. Financiamento

O financiamento das obrigas económicas que se deriven do cumprimento do contrato farase con cargo ao crédito do orzamento de gastos da UDC que se especifica no **cadro de características**. No expediente incorporarase un certificado de existencia de crédito.

No suposto de que o contrato se financie con fondos comunitarios, farase constar no **cadro de características** o tipo de fondo e a porcentaxe de cofinanciamento.

Cando o expediente de contratación se inicie e mesmo se adxudique e formalice o contrato no exercicio anterior ao da súa execución, a adxudicación quedará sometida á condición suspensiva de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do contrato no exercicio correspondente.

4. Valor estimado do contrato, orzamento base de licitación, prezo do contrato e revisión

4.1. Valor estimado do contrato

O valor estimado do contrato, calculado conforme ao artigo 101 da LCSP e recollido no **cadro de características**, foi tido en conta para elixir o procedemento de licitación aplicable a este contrato e a publicidade a que vai someterse. A súa desagregación e a distribución por anualidades previstas establécense no **cadro de características**.

O valor estimado foi elaborado de conformidade co disposto no artigo 101 da LCSP. Inclúe as posibles prórrogas e modificacións contractuais sinaladas no **cadro de características** e no **anexo XIII,** respectivamente, os custos derivados da aplicación das normativas laborais vixentes, outros custos provenientes da execución material das subministracións, os gastos xerais de estrutura e o beneficio industrial, así como calquera outra forma de opción eventual.

Se no **cadro de características** deste prego ou no anuncio de licitación se prevé a posibilidade de que o contrato sexa modificado, o valor estimado do contrato será considerado como o importe máximo que este poida alcanzar, tendo en conta a totalidade das modificacións á alza previstas.

4.2. Orzamento base de licitación

O importe do orzamento de licitación do contrato é o que se sinala como máximo no **cadro de características**.

Cando se indique no **cadro de características** que o sistema de determinación do prezo sexa por prezos unitarios, e as prestacións estean subordinadas ás necesidades da Administración, o orzamento base de licitación terá carácter estimativo.

4.3. Prezo do contrato

O prezo do contrato será o que resulte da súa adxudicación e deberá indicar como partida independente o imposto sobre o valor engadido (en diante, IVE). No prezo do contrato consideraranse incluídos todos os tributos, taxas e canons de calquera índole que sexan de aplicación, así como todos os gastos que se orixinen para o adxudicatario como consecuencia do cumprimento das obrigas recollidas no prego.

4.4. Revisión

O prezo do contrato poderá ser revisado nos termos previstos nos artigos 103 a 105 da LCSP, cando deba ser axustado, á alza ou á baixa, para ter en conta as variacións económicas de custos que acontezan durante a súa execución.

Se procedese a revisión indicarase así no **cadro de características**, que, de ser o caso, recollerá a fórmula aplicable.

5. Garantías

No **cadro de características** indicarase o importe da garantía definitiva que, de ser o caso, debe constituír o adxudicatario a favor da UDC, así como, no suposto especial de que se requira, a garantía complementaria.

Cando o prezo do contrato se formule en función de prezos unitarios, o importe da garantía que deba constituírse fixarase atendendo ao orzamento base de licitación, IVE excluído.

A garantía definitiva deberá prestarse e depositarse nas formas establecidas no artigo 108 da LCSP.

Cando, de conformidade co previsto no **cadro de característica**s, proceda constituír a garantía na forma da retención no prezo prevista no apartado 2 do artigo 108 da LCSP, a devandita retención levarase a cabo no primeiro aboamento logo da manifestación expresa do licitador de que opta por ela.

En calquera caso, a garantía definitiva responderá dos conceptos a que se refire o artigo 110 da LCSP. Tales conceptos inclúen o incumprimento por parte do contratista da obriga de indemnizar a terceiros polos danos e as perdas que se lles ocasionen como consecuencia da incorrecta execución das prestacións obxecto do contrato, prevista no artigo 196 da LCSP.

De se faceren efectivas sobre a garantía definitiva penalidades ou indemnizacións esixibles ao contratista, este deberá repoñela ou ampliala na contía que corresponda no prazo de quince días que contarán desde a execución da penalidade ou indemnización correspondente. En caso contrario incorrerá en causa de resolución do contrato.

Cando como consecuencia dunha modificación do contrato o prezo deste varíe, a garantía deberá reaxustarse para manter a debida proporción co novo prezo do contrato no prazo de quince días, que contarán desde a data en que se lle notifique ao empresario o acordo de modificación.

No suposto de que se establecesen recepcións parciais, estarase ao indicado no **cadro de características** respecto da cancelación parcial da garantía.

6. Gastos

Serán por conta do adxudicatario todos os gastos que xeren a licitación, a formalización e a execución do correspondente contrato, os derivados da publicación de anuncios oficiais ou en prensa e os derivados da obtención de autorizacións, licenzas ou calquera información de organismos oficiais ou particulares, así como os impostos, dereitos, taxas, compensacións e demais gravames ou custos que resulten de aplicación segundo as disposicións vixentes, incluído o IVE nos casos en que se aplique.

7. Prazo de execución e lugar de entrega da subministración

Os prazos de entrega totais ou parciais da subministración serán os que figuren no **cadro de características** . Poderá impoñerse ao contratista a obriga de comprometerse a eles conforme ao **anexo XVI**.

O lugar de entrega da subministración será o sinalado no **cadro de características**.

Os prazos de entrega comezarán a contar a partir da formalización do contrato ou desde a data fixada no documento contractual.

Tamén se indicará no citado **cadro de características** se os devanditos prazos son prorrogables, alén da duración das prórrogas, que deberán acordarse de forma expresa.

Cada prórroga será acordada polo órgano de contratación e resultará obrigatoria para o empresario, sempre que o preaviso se produza cando menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración sexa inferior a dous meses, de conformidade co disposto no apartado 2 do artigo 29 da LCSP.

A garantía definitiva constituída inicialmente poderá aplicarse ao período de prórroga sen que sexa necesario reaxustala na súa contía, agás que xunto coa prórroga se acorde a modificación do contrato.

O prazo de mantemento da subministración, de ser o caso, será o que figure no **cadro de características**.

Malia o establecido nos apartados anteriores, cando no momento de vencer o contrato, como consecuencia de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación no procedemento de adxudicación, non se formalizase unha nova contratación que garanta a continuidade da prestación que realiza o contratista, e existan ademais razóns de interese público para non interromper a prestación, o contrato orixinario poderá ser prorrogado, sempre que o anuncio de licitación do novo contrato se publicase cunha antelación mínima de tres meses respecto da data de finalización do mencionado contrato orixinario.

A devandita prórroga estenderase até comezar a execución do novo contrato e en calquera caso por un período máximo de nove meses, e non suporá ningunha modificación das restantes condicións contractuais.

II. PARTES DO CONTRATO

8. Órgano de contratación

8.1. Competencia para contratar

A facultade de representación da UDC en materia contractual corresponde ao reitor e, por delegación, ao xerente.

8.2. Perfil do contratante

No perfil do contratante do órgano de contratación publicarase, como mínimo, a información contractual que sinala o artigo 63.3 da LCSP.

O acceso ao perfil do contratante pode efectuarse desde a páxina principal da web da UDC ou a través do enderezo indicado no **cadro de características.**

9. Empresario

9.1. Aptitude e capacidade

Poderán optar á adxudicación deste contrato as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, a título individual ou como parte dunha unión temporal de empresarios, que teñan plena capacidade de obrar, non incorran en ningunha prohibición de contratar e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica, de conformidade co establecido no **cadro de características** e no **anexo III** deste prego.

En relación coas unións temporais de empresarios, no tocante á alteración da súa composición e os supostos de modificación durante a licitación, estarase ao disposto no artigo 69, apartado 8 e seguintes, da LCSP.

Cando, por así determinalo a normativa aplicable, se lle requirisen ao contratista determinados requisitos relativos á súa organización, o destino dos seus beneficios, o sistema de financiamento ou outros aspectos para poder participar no correspondente procedemento de adxudicación, estes deberán ser acreditados ao concorrer ao contrato.

Os contratistas deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para realizar as prestacións que constitúan o obxecto do contrato, de conformidade co establecido no **cadro de características** e no **anexo III** deste prego.

9.2. Solvencia. Integración da solvencia con medios externos e concreción das condicións de solvencia

De conformidade co artigo 74 da LCSP, para subscribir contratos co sector público os empresarios deberán acreditar estar en posesión das condicións mínimas de solvencia económica e financeira, e profesional ou técnica, que o órgano de contratación sinale.

Nas mesmas condicións, os empresarios que concorran agrupados nas unións temporais a que se refire o artigo 69 da LCSP, poderán recorrer ás capacidades alleas á unión temporal.

Para os contratos de subministracións non será esixible a clasificación do empresario. Os criterios e requisitos mínimos de solvencia económica e financeira, e de solvencia técnica ou profesional, estableceranse no **anexo III** e no **cadro de características** deste prego, nos termos previstos nos artigos 87 e 89 da LCSP.

Para acreditar a solvencia necesaria para formalizar un contrato determinado, o empresario poderá basearse na solvencia e os medios doutras entidades, con independencia da natureza dos vínculos que teña con elas, sempre que as devanditas entidades non incorran nunha prohibición expresa de contratar. Para isto, cómpre ademais que demostre que durante toda a execución do contrato disporá efectivamente desa solvencia e deses medios conforme ao modelo que se recolle no **anexo XIX**.

Nas mesmas condicións, os empresarios que concorran agrupados nas unións temporais a que se refire o artigo 69 da LCSP, poderán recorrer ás capacidades alleas á unión temporal.

Nos contratos de subministracións que inclúan servizos ou traballos de colocación e instalación, de acordo co disposto no artigo 75.4 da LCSP, os poderes adxudicadores poderán esixir que determinadas partes ou traballos, en atención á súa especial natureza, sexan executados directamente polo propio licitador ou, de tratarse dunha oferta presentada por unha unión de empresarios, por un dos seus participantes, sempre que así se previse no prego. A devandita posibilidade regúlase no **cadro de características**.

Nos contratos de subministracións que inclúan servizos ou traballos de colocación e instalación, poderá esixirse ás persoas xurídicas que especifiquen os nomes e cualificación profesional do persoal responsable de executar a prestación, de conformidade co artigo 76.1 da LCSP.

Así mesmo, en virtude do apartado 2 do artigo 76 da LCSP, os órganos de contratación poderán esixirlles aos licitadores que, alén de acreditar a súa solvencia, se comprometan a dedicar ou adscribir á execución del contrato os medios persoais ou materiais suficientes para levala a cabo. Estes compromisos teñen o carácter de obrigas contractuais esenciais para os efectos previstos no artigo 211 da LCSP, e o seu incumprimento por parte do adxudicatario comporta penalidades, conforme ao sinalado no artigo 192.2 da LCSP.

A esixencia, de ser o caso, dos nomes e a cualificación dos traballadores responsables de executar o contrato, así como do compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais necesarios, sinálase no **cadro de características**.

9.3. Condicións especiais de compatibilidade

O órgano de contratación tomará as medidas adecuadas para garantir, de acordo co disposto no artigo 70 da LCSP, que a participación na licitación das empresas que interviñesen previamente na elaboración das especificacións técnicas ou dos documentos preparatorios do contrato, ou que asesorasen o órgano de contratación durante a preparación do procedemento de contratación, non falsee a competencia.

9.4. Persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes á Unión Europea ou de estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo

Deberán xustificar mediante informe elaborado pola correspondente oficina económica e comercial de España no exterior que o seu estado de procedencia admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación cos entes do sector público asimilables aos enumerados no artigo 3 da LCSP, en forma substancialmente análoga.

9.5. Empresas comunitarias ou de estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo

Terán capacidade para contratar coa UDC, en calquera caso, as empresas non españolas de estados membros da Unión Europea ou dos estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo que, de acordo coa lexislación do estado en que estean establecidas, se atopen habilitadas para realizar a prestación de que se trate.

Cando a lexislación do estado en que estean establecidas estas empresas esixa unha autorización especial ou a pertenza a unha determinada organización para poder prestar nel a subministración de que se trate, deberán acreditar que cumpren este requisito.

9.6. Unións de empresarios

Poderán contratar coa UDC as unións de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, sen que sexa necesaria a formalización destas unións en escritura pública até se adxudicar o contrato ao seu favor.

Cando no exercicio das súas funcións a mesa de contratación aprecie posibles indicios de colusión entre empresas que concorran agrupadas nunha unión temporal, tales empresas serán requiridas para xustificaren de forma expresa e motivada as razóns para concorrer agrupadas.

Cando a mesa ou o órgano de contratación, ao valorar a xustificación efectuada polas empresas, estime que existen indicios fundados de colusión entre elas, informará a Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia ou, de ser o caso, a autoridade de competencia autonómica correspondente, para os efectos de que, logo da substanciación do procedemento sumarísimo a que se refire o artigo 150.1 da LCSP, se pronuncie sobre aqueles.

Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados de maneira solidaria. Deberán nomear unha persoa como representante ou apoderada única da unión, con poderes bastantes para exercitar os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven até se extinguir, sen prexuízo dos poderes mancomunados que poidan outorgar para cobros e pagamentos de contía significativa.

Para os efectos da licitación, os empresarios que desexen concorrer integrados nunha unión temporal deberán indicar os nomes e circunstancias de quen a constitúa e cal é a participación de cada persoa, así como que asumen o compromiso de se constituíren formalmente en unión temporal se resultan adxudicatarios do contrato.

A duración das unións temporais de empresarios coincidirá, cando menos, coa do contrato até a súa extinción.

Os empresarios que estean interesados en formar as unións a que se refire este artigo poderán darse de alta no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, que especificará esta circunstancia. Se xa estivesen inscritos, só deberán comunicarlle ao citado rexistro, na forma que se estableza de xeito regulamentario, o seu interese no sentido indicado.

Durante a tramitación do procedemento de licitación e tras se formalizar o contrato, as unións temporais de empresas observarán as regras previstas nos apartados 8 e 9 do artigo 69 da LCSP.

9.7. Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público

De conformidade co artigo 159.4.a) da LCSP, todos os licitadores que se presenten a licitacións realizadas a través do procedemento simplificado deberán estar inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou no Rexistro Oficial da Comunidade Autónoma de Galicia na data final de presentación de ofertas, sempre que non se vexa limitada a concorrencia.

III. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

10. Procedemento de adxudicación, criterios de adxudicación e tipo de tramitación do expediente

O contrato adxudicarase polo procedemento aberto simplificado, a teor do previsto no artigo 159 da LCSP.

O procedemento levarase a cabo atendendo ben a un único criterio ou ben a unha pluralidade de criterios de adxudicación, segundo o disposto no **anexos VIII e IX** deste prego e no **cadro de características**, e conforme aos termos e requisitos sinalados no devandito texto legal, de acordo co establecido nos artigos 145 e 146 da LCSP.

O artigo 159.1.b) da LCSP establece que entre os criterios de adxudicación previstos no prego no haxa ningún avaliable mediante xuízo de valor ou, de habelos, que a súa ponderación non supere o 25 % do total.

Os criterios que servirán de base para a adxudicación son os sinalados nos **anexos VIII e IX** do prego e no **cadro de características**, coa ponderación atribuída a cada un deles.

De entre os criterios obxectivos de adxudicación, no **cadro de características** sinálanse os parámetros obxectivos que deberán permitir identificar os casos en que unha oferta se considera anormal, de conformidade co disposto no artigo 149.2 da LCSP.

Neste procedemento calquera empresario interesado poderá presentar unha proposición, mais queda excluída calquera negociación dos termos do contrato cos licitadores.

O órgano de contratación anunciará a licitación no perfil do contratante.

No **cadro de características** indicarase o tipo de tramitación do expediente. A tramitación urxente do procedemento rexerase conforme ás regras establecidas no artigo 119 da LCSP.

O órgano de contratación e o contratista someteranse á obriga de confidencialidade da información a que se refire o artigo 133 da LCSP.

Toda a documentación necesaria para presentar unha oferta estará dispoñible por medios electrónicos desde o día da publicación do anuncio no perfil do contratante.

Os interesados no procedemento de licitación poderán solicitar calquera información adicional sobre os pregos e a demais documentación complementaria coa antelación fixada no **cadro de características** deste prego.

11. Proposicións

11.1. Presentación de proposicións, lugar e prazo

As presentación de proposicións, de cuxo mantemento haberá que responder até se formalizar o contrato, supón que o empresario acepta de forma incondicional, sen ningunha excepción ou reserva, o contido de todas as cláusulas ou condicións deste prego, do PPT e dos documentos de carácter contractual, amais das obrigas establecidas nos regulamentos, acordos, convenios e demais normas aplicables ao caso. De igual maneira, supón que o empresario manifesta que se reúnen todas e cada unha das condicións esixidas para contratar a que se refire a cláusula 9.1.

A presentación de proposicións tamén implica autorizar a mesa e o órgano de contratación para consultaren os datos recollidos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, no Rexistro Oficial da Comunidade Autónoma de Galicia ou nas listas oficiais de operadores económicos dun estado membro da Unión Europea.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición nin subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente, ou figurar en máis dunha unión temporal. Infrinxir estas normas dará lugar á inadmisión de todas as propostas por el subscritas.

De conformidade co artigo 159 da LCSP, as proposicións deberán presentarse necesaria e unicamente no rexistro indicado no anuncio de licitación (non poderán presentarse nas oficinas de Correos nin noutros rexistros diferentes do indicado no anuncio).

A oficina receptora comprobará que os sobres estean debidamente pechados e asinados. A seguir, dará recibo de cada proposta, en que constará o nome do licitador, a denominación da subministración obxecto da licitación e o día e a hora de presentación.

No caso de se desexar presentar as proposicións por medios electrónicos, deberán observarse as seguintes instrucións:

a) As proposicións, xunto coa documentación preceptiva, presentaranse, dentro do prazo sinalado no anuncio, a través da plataforma de licitación electrónica indicada no **cadro de características.**

b) A presentación da oferta en formato electrónico deberá ir asinada mediante sinatura electrónica recoñecida, validamente emitida por un prestador de servizos de certificación que garanta a identidade e integridade do documento, a oferta e todos os documentos asociados a ela, de conformidade co disposto na Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica e demais disposicións de contratación pública electrónica.

c) Na presentación electrónica das ofertas, os licitadores achegarán todos os seus documentos en formato electrónico autenticados mediante sinatura electrónica. Se non dispuxesen dos documentos no devandito formato porque fosen emitidos orixinalmente en soporte papel, poderán achegar copias dixitalizadas, cuxa fidelidade cos orixinais garantirán mediante o uso da súa sinatura electrónica.

O órgano de contratación poderá comprobar a información en sistemas propios ou doutras administracións, ou ben requirirlle ao interesado que exhiba o documento ou a información orixinal, de acordo co previsto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xullo, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

d) No caso da presentación electrónica de proposicións, o envío realizarase en dúas fases: primeiro transmitirase a pegada electrónica da oferta, con cuxa recepción se considerará efectuada a presentación para todos os efectos; e despois a oferta propiamente dita, nun prazo máximo de vinte e catro horas. De non efectuarse esta segunda remisión no prazo marcado, entenderase que a oferta se retira.

e) Na presentación electrónica das ofertas, os licitadores poderán entregarlle ao órgano de contratación, en soporte físico electrónico, unha copia de seguridade dos documentos, de acordo co establecido para tal efecto polo órgano de contratación.

Unha vez presentada a proposición non poderá ser retirada ou modificada baixo ningún concepto. O funcionario que estenda o xustificante de recepción correspondente será o responsable da custodia dos sobres entregados.

O prazo de presentación de proposicións finalizará o día e na forma que se determinen no anuncio de licitación.

11.2. Forma de presentación das proposicións

De conformidade co artigo 159.4.d) da LCSP, a oferta presentarase nun único sobre nos supostos en que no procedemento non se recollan criterios de adxudicación cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor. En caso contrario, a oferta presentarase en dous sobres.

11.2.1. Modalidade I. Único sobre de declaración responsable e oferta de criterios valorables en cifras ou porcentaxes

Se no procedemento non se recollen criterios de adxudicación cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor, a oferta presentarase nun único sobre, dentro do cal os licitadores deberán incluír a documentación que se sinala a seguir.

11.2.1.1. Declaración responsable e oferta de criterios valorables en cifras ou porcentaxes

A declaración responsable e a oferta de criterios valorables en cifras ou porcentaxes presentaranse redactadas conforme ao modelo establecido no **anexo I** deste prego. Non se aceptarán aquelas que conteñan omisións, erros ou borróns que impidan coñecer claramente o que a UDC estime fundamental para considerar a oferta.

No caso de ser proposto como adxudicatario, o licitador comprométese a presentar a documentación que acredite a súa solvencia económica, financeira e técnica polos medios que se especifiquen no anuncio de licitación e neste prego **(anexo III)**.

Aqueles licitadores que se atopen inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público presentarán a declaración responsable que figura no **anexo I bis**.

Os servizos do órgano ou da mesa de contratación poderán, en calquera momento, solicitar a xustificación documental do cumprimento das condicións a respecto das cales os licitadores declarasen responsablemente o cumprimento.

O licitador deberá presentar a documentación requirida nun prazo máximo de tres días, que contarán desde o envío do requirimento. De non facelo así, entenderase que retirou a súa oferta e será excluído do procedemento.

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, comportase erro manifesto no importe da proposición ou existise recoñecemento por parte do licitador de que presenta erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desbotada pola mesa de contratación mediante resolución motivada.

Na proposición indicarase como partida independente o importe do IVE.

Así mesmo, cando para seleccionar o contratista se atenda a unha pluralidade de criterios, incluirase neste sobre, de ser o caso, a documentación relativa a aqueles criterios avaliables de maneira automática mediante cifras ou porcentaxes por aplicación das fórmulas establecidas nos pregos.

No caso de subministracións para as cales se determine un prazo de execución no **cadro de características**, indicarase, axustándose ao **anexo XVI**, o prazo en que o licitador se obriga á execución do contrato. Rexeitarase calquera oferta que exceda do prazo máximo de execución especificado no **cadro de características**.

O prazo de garantía será o establecido no **cadro de características** ou, de ser o caso, o ofertado polo adxudicatario. Os licitadores poderán ofrecer un aumento do prazo de garantía conforme ao **anexo XVII.**

No tocante á documentación técnica que deba presentarse en relación cos criterios de adxudicación, estarase ao disposto no **anexo IX**.

11.2.1.2. Unións temporais de empresarios

Deberá presentarse unha única declaración responsable e oferta de criterios valorables en cifras ou porcentaxes conforme ao modelo do **anexo I** ou do **anexo I bis**, subscrita por todas as entidades que constitúan a unión temporal de empresarios.

Así mesmo, deberá achegarse o compromiso dos empresarios de constituíren efectivamente a unión temporal, de conformidade co esixido no apartado 3 do artigo 69 da LCSP, cunha duración que coincidirá, cando menos, coa do contrato até a súa extinción.

Neste escrito de compromiso indicarase: os nomes e circunstancias dos empresarios que van constituír a unión; a participación de cada un deles e a asunción do compromiso de establecerse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do contrato. Tal documento deberá estar asinado polos representantes de cada unha das empresas que van compoñer a unión.

11.2.1.3. Declaración responsable conforme ao anexo II

Declaración expresa responsable conforme ao **anexo II** relativa ao grupo empresarial a que pertence, e comprensiva de todas as sociedades pertencentes a un mesmo grupo, nos termos establecidos no artigo 42 do Código de comercio. En caso de non pertencer a ningún grupo empresarial, a declaración realizarase neste sentido.

11.2.1.4. Referencias técnicas

Así mesmo, o licitador deberá incluír calquera outro documento que se indique expresamente no PPT e que permita verificar que a oferta cumpre coas especificacións técnicas requiridas, mais que non van ser obxecto de valoración.

11.2.2. Modalidade II

Se no procedemento se recollen criterios de adxudicación cuxa cuantificación depende dun xuízo de valor, a oferta presentarase en dous sobres.

11.2.2.1. Sobre A: declaración responsable e oferta de criterios non valorables en cifras ou porcentaxes

Dentro deste sobre, os licitadores deberán incluír a documentación que se sinala a seguir.

11.2.2.1.1. Declaración responsable conforme ao anexo VI

11.2.2.1.2. Unións temporais de empresarios

No suposto de que varios empresarios concorran agrupados nunha unión temporal, cada empresa participante presentará a súa propia declaración responsable conforme ao modelo que figura no **anexo VI** deste prego.

Así mesmo, deberá achegarse o compromiso dos empresarios de constituíren efectivamente a unión temporal, de conformidade co esixido no apartado 3 do artigo 69 da LCSP, cunha duración que coincidirá, cando menos, coa do contrato até a súa extinción.

Neste escrito de compromiso indicarase: os nomes e circunstancias dos empresarios que van constituír a unión; a participación de cada un deles e a asunción do compromiso de establecerse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do contrato. Tal documento deberá estar asinado polos representantes de cada unha das empresas que van compoñer a unión.

11.2.2.1.3. Declaración responsable conforme ao anexo II

Declaración expresa responsable conforme ao **anexo II** relativa ao grupo empresarial a que pertence, e comprensiva de todas as sociedades pertencentes a un mesmo grupo, nos

termos establecidos no artigo 42 do Código de comercio. En caso de non pertencer a ningún grupo empresarial, a declaración realizarase neste sentido.

11.2.2.1.4. Documentación sobre os criterios non valorables en cifras ou porcentaxes

Incluirase no sobre toda a documentación que deba ser valorada conforme aos criterios cuxa ponderación depende dun xuízo de valor, os cales figuran no **anexo VIII**.

11.2.2.2. Sobre B: oferta de criterios valorables en cifras ou porcentaxes

A oferta de criterios valorables en cifras ou porcentaxes presentarase redactada conforme ao modelo fixado no **anexo VI bis** deste prego. Non se aceptarán aquelas que conteñan omisións, erros ou borróns que impidan coñecer claramente o que a UDC estime fundamental para considerar a oferta.

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, comportase erro manifesto no importe da proposición ou existise recoñecemento por parte do licitador de que presenta erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desbotada pola mesa de contratación mediante resolución motivada.

Na proposición indicarase como partida independente o importe do IVE.

Así mesmo, cando para seleccionar o contratista se atenda a unha pluralidade de criterios, incluirase neste sobre, de ser o caso, a documentación relativa a aqueles criterios avaliables de maneira automática mediante cifras ou porcentaxes por aplicación das fórmulas establecidas nos pregos.

No caso de subministracións para as cales se determine un prazo de execución no **cadro de características**, indicarase, axustándose ao **anexo XVI**, o prazo en que o licitador se obriga á execución do contrato. Rexeitarase calquera oferta que exceda do prazo máximo de execución especificado no **cadro de características**.

O prazo de garantía será o establecido no **cadro de características** ou, de ser o caso, o ofertado polo adxudicatario. Os licitadores poderán ofrecer un aumento do prazo de garantía conforme ao **anexo XVII.**

No tocante á documentación técnica que deba presentarse en relación cos criterios de adxudicación, estarase ao disposto no **anexo IX**.

12. Selección do contratista e adxudicación

12.1. Mesa de contratación

A mesa de contratación será o órgano competente, conforme ao artigo 326 da LCSP, para cualificar a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos, para valorar as proposicións dos licitadores e para propoñer ao órgano de contratación adxudicar o contrato a favor do licitador que presente a mellor oferta.

A súa composición publicarase no perfil do contratante. Os membros da mesa serán nomeados, de acordo co previsto no artigo 326 da LCSP, polo órgano de contratación.

O resultado dos actos da mesa de contratación canto á cualificación, admisión ou exclusión das ofertas publicarase no perfil do contratante.

12.1.1. Modalidade I

Naqueles casos en que o licitador só deba presentar un único sobre de declaración responsable e oferta de criterios valorables en cifras ou porcentaxes, ao non se considerar no procedemento criterios de adxudicación cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor, a mesa de contratación abrirá as proposicións nun acto público en que tamén se procederá á súa lectura. Neste caso, finalizado o acto público, na mesma sesión, a mesa cualificará a declaración presentada polos licitadores.

Se fose posible, na mesma sesión, logo de se excluíren as ofertas que non cumpran os requisitos do prego, a mesa procederá a avaliar e clasificar as ofertas.

No suposto de que se identifiquen ofertas anormalmente baixas, a mesa seguirá o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP, aínda que o prazo máximo que se lle poderá outorgar ao licitador para que xustifique a súa oferta non poderá superar os cinco días hábiles, contados desde a data do envío da correspondente comunicación.

Ademais, no caso de que se produza o empate entre dúas ou máis ofertas, deberá aplicarse o réxime de desempate establecido no **anexo IX** deste prego.

Posteriormente, a mesa realizará unha proposta de adxudicación a favor do candidato con mellor puntuación. En relación co licitador proposto como adxudicatario, a mesa comprobará no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público que a empresa está debidamente constituída, quen asina a proposición ten poder bastante para formular a oferta e a empresa non incorre en ningunha prohibición para contratar.

Así mesmo, a mesa requirirá á empresa que obteña a mellor puntuación a documentación necesaria para a adxudicación e, de ser o caso, calquera outra documentación que non figure inscrita no Rexistro de Licitadores.

12.1.2. Modalidade II

Naqueles casos en que o licitador deba presentar dous sobres, ao se considerar no procedemento criterios de adxudicación cuxa cuantificación depende dun xuízo de valor, a mesa de contratación abrirá o sobre que contén a declaración e a oferta de criterios non valorables en cifras ou porcentaxes. A documentación que conteña o sobre relativo aos criterios de adxudicación cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor remitirase aos servizos técnicos do órgano de contratación, co obxecto de que estes emitan o informe pertinente.

O órgano de contratación publicará no perfil do contratante, coa debida antelación, a data en que terá lugar o acto público de apertura e lectura dos criterios cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas.

Neste acto público, a mesa de contratación indicará as proposicións que foron admitidas e as que foron rexeitadas, xunto coa causa da inadmisión destas últimas. Así mesmo, dará a coñecer a valoración asignada aos criterios de adxudicación cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor. Despois procederase á apertura e lectura dos criterios cuantificables mediante a simple aplicación de fórmulas

Rematado o devandito acto público, na mesma sesión, a mesa, logo de excluír as ofertas que non cumpran os requirimentos do prego, avaliará e clasificará as ofertas válidas.

No suposto de que se identifiquen ofertas anormalmente baixas, a mesa seguirá o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP, aínda que o prazo máximo que se lle poderá outorgar ao licitador para que xustifique a súa oferta non poderá superar os cinco días hábiles, contados desde a data do envío da correspondente comunicación.

Ademais, no caso de que se produza o empate entre dúas ou máis ofertas, deberá aplicarse o réxime de desempate establecido no **anexo IX** deste prego.

Posteriormente, a mesa realizará unha proposta de adxudicación a favor do candidato con mellor puntuación. En relación co licitador proposto como adxudicatario, a mesa comprobará no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público que a empresa está debidamente constituída, quen asina a proposición ten poder bastante para formular a oferta e a empresa, alén de contar coa solvencia económica, financeira e técnica precisa, non incorre en ningunha prohibición para contratar.

Así mesmo, a mesa requirirá á empresa que obteña a mellor puntuación a documentación necesaria para a adxudicación e, de ser o caso, calquera outra documentación que non figure inscrita no Rexistro de Licitadores.

Notificada a adxudicación do contrato e transcorridos os prazos para se interpoñeren recursos sen que se interpuxesen, a documentación que acompaña as proposicións quedará á disposición dos interesados. Se estes non retiran a súa documentación nos tres meses seguintes á data en que se lles notifique a adxudicación, a Administración non estará obrigada a seguir custodiándoa.

12.2. Fase de adxudicación do contrato

Unha vez valoradas as ofertas, a mesa de contratación remitirá ao órgano de contratación, xunto coa acta, a correspondente proposta de adxudicación, en que figurarán ordenadas as ofertas de forma decrecente, incluída a puntuación outorgada a cada unha delas pola aplicación dos criterios indicados nos **anexos VIII e IX.**

Cando non se previsen no **anexo IX** criterios de desempate, ou cando, previstos e aplicados, persistise o empate entre a puntuación global de dous ou máis licitadores, o desempate dirimirase segundo o previsto no artigo 147.2 da LCSP. Para iso, a mesa de contratación requirirá a documentación pertinente ás empresas afectadas, ás cales lles outorgará un prazo mínimo de cinco días naturais para achegala.

Se no exercicio das súas funcións a mesa de contratación tivese indicios fundados de condutas colusorias no procedemento de contratación, no sentido definido no artigo 1 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, antes da adxudicación do contrato informará disto á Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia ou, de ser o caso, á autoridade de competencia autonómica correspondente, co fin de que a través dun procedemento sumarísimo se pronuncie sobre aqueles. A remisión dos devanditos indicios terá efectos suspensivos no procedemento de contratación. Se realiza a remisión a mesa de contratación, dará conta diso ao órgano de contratación.

A proposta de adxudicación do contrato non crea ningún dereito en favor do licitador proposto, que non os adquirirá, fronte á Administración, mentres non se formalice o contrato.

De conformidade co disposto no artigo 152 da LCSP, a decisión de non adxudicar ou subscribir o contrato, ou de desistir do procedemento, poderá ser acordada polo órgano de contratación antes da súa formalización.

Só poderá adoptarse a decisión de non adxudicar ou subscribir o contrato por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente. A desistencia do procedemento deberá estar fundada nunha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das normas reguladoras do procedemento de adxudicación, e no expediente cumprirá xustificar a concorrencia da causa.

No caso de que o órgano de contratación renuncie por motivos de interese público a subscribir contrato, ou desista do procedemento, con anterioridade á adxudicación, a compensación de gastos aos licitadores efectuarase da forma descrita no **anexo XV** deste prego.

12.2.1. Documentación previa á adxudicación

A mesa requiriralle á empresa que obteña a mellor puntuación, mediante comunicación electrónica, que constitúa a garantía definitiva, así como que achegue o compromiso a que se refire o artigo 75.2 da LCSP, conforme ao modelo do **anexo XIX** do prego; a documentación que xustifique que dispón efectivamente dos medios que se comprometese a dedicar ou adscribir á execución do contrato, de acordo co artigo 76.2 da LCSP; e, de ser o caso, a documentación que xustifique a subscrición das pólizas que se indican no prego, todo isto no prazo de sete días hábiles, que contarán desde o envío da comunicación.

Cando o empresario estea inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou figure nunha base de datos nacional dun estado membro da Unión Europea, como un expediente virtual da empresa, un sistema de almacenamento electrónico de documentos ou un sistema de precualificación, e estes sexan accesibles de modo gratuíto, non estará obrigado a presentar os documentos xustificativos ou outra proba documental dos datos inscritos nos referidos lugares. Abondará a manifestación expresa pola súa parte da súa inscrición no rexistro ou a base de datos correspondente.

A inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público eximirá os licitadores inscritos, a teor do nel reflectido e agás proba en contrario, da presentación nas convocatorias de contratación das condicións de aptitude do empresario no tocante á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional

ou empresarial, solvencia económica e financeira, e clasificación, así como da acreditación de non concorreren as prohibicións de contratar que deban constar no devandito rexistro.

De acordo co disposto no artigo 139.1 da LCSP, a presentación das proposicións supón autorizar a mesa e o órgano de contratación para consultar os datos recollidos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou nas listas oficiais de operadores económicos nun estado membro da Unión Europea.

Ademais, no prazo de sete días hábiles, deberá presentar calquera outra documentación que non figure inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público.

Por tanto, naqueles casos en que non resulte esixible a obriga de figurar inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, en aplicación do disposto na disposición transitoria terceira da LCSP, ou cando algún dos datos ou documentos non consten inscritos no referido rexistro, a mesa de contratación deberá requirirlle ao empresario que presentase a mellor oferta, así como a todas as empresas integrantes da unión temporal de empresarios que fose proposta como adxudicataria, que no prazo de sete días hábiles contados desde o envío da comunicación presenten, de ser o caso, a seguinte documentación:

1. Capacidade de obrar e documentos que acrediten a personalidade do empresario e o seu ámbito de actividade. Se a empresa fose unha persoa xurídica, a personalidade acreditarase presentando a escritura de constitución ou modificación, de ser o caso, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil cando este requisito sexa esixible segundo a lexislación mercantil aplicable. Se o devandito requisito non é esixible, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante a escritura ou o documento de constitución, estatutos ou acta fundacional, en que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, de ser o caso, no correspondente rexistro oficial, de acordo co parágrafo 1.º do artigo 140.1.a) da LCSP.

As persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, o obxecto ou o ámbito de actividade que, de acordo cos seus estatutos ou as súas regras fundacionais, lles sexan propios, cuestión que deberá quedar acreditada na documentación que se achegue.

Se se trata dun empresario individual a unidade técnica ou a mesa de contratación comprobará os seus datos de identidade. En caso de que o representante non posúa DNI, deberá presentar fotocopia lexitimada ante notario, ou compulsada polo órgano administrativo competente, do documento que o substitúa regulamentariamente, de acordo co artigo 140.1.a).1.º da LCSP.

A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de estados membros da Unión Europea ou de estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo será acreditada pola súa inscrición no rexistro procedente, de acordo coa lexislación do estado onde estean establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

Cando se trate de empresas estranxeiras que non estean comprendidas no parágrafo anterior, deberán presentar un informe da misión diplomática permanente de España no estado correspondente, ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa, en que se faga constar, logo de ser acreditada pola empresa.

Sen prexuízo da aplicación das obrigas de España que se deriven de acordos internacionais, as persoas físicas ou xurídicas de estados que non pertenzan á Unión Europea ou de estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo deberán xustificar mediante informe que o estado de procedencia da empresa estranxeira admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación cos entes do sector público asimilables aos enumerados no artigo 3 da LCSP, en forma substancialmente análoga. O devandito informe será elaborado pola oficina económica e comercial de España no exterior oportuna e xuntarase á documentación que se presente.

As empresas estranxeiras presentarán a documentación traducida de forma oficial ao castelán.

2. Documentos que acrediten, de ser o caso, a representación. Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro presentarán poder bastante para facelo.

Se a empresa fose unha persoa xurídica, o poder deberá figurar inscrito, de ser o caso, no Rexistro Mercantil. Se se trata dun poder para acto concreto non é necesaria a inscrición no Rexistro Mercantil, de acordo co artigo 94.1.5.º do Regulamento do Rexistro Mercantil.

En calquera caso, a presentación do certificado actualizado de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público eximirá o licitador de presentar a documentación esixida nos apartados 1 e 2 desta cláusula.

A presentación do certificado de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado terá os efectos previstos no artigo 96 da LCSP. Deberá vir acompañado dunha declaración responsable de que as circunstancias que nel se acreditan non variaron.

3. Acreditación da súa solvencia económica e financeira, e técnica ou profesional, polos medios que se especifiquen no anuncio de licitación e neste prego **(anexo III)**.

O licitador executará o contrato cos mesmos medios que forneceu para acreditar a súa solvencia. Só poderá substituílos, por causas imprevisibles e coa correspondente autorización da Administración, por outros medios que acrediten unha solvencia equivalente.

Os empresarios non españois de estados membros da Unión Europea ou dos estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo deberán presentar a documentación acreditativa da súa solvencia económica e financeira, e técnica ou profesional, na forma establecida nos artigos 87 e 89 da LCSP, e polos medios previstos polo órgano de contratación no **cadro de características**.

Para estes efectos, os certificados de inscrición que fosen expedidos polos órganos competentes na xestión das listaxes oficiais de empresarios autorizados para contratar que establecese calquera estado membro da Unión Europea, referidos a empresarios establecidos no estado membro que expide o certificado, constituirán unha presunción de aptitude con respecto aos requisitos de selección cualitativa que neles figuren.

Igual valor presuntivo terán, respecto do que nelas se certifique, as certificacións emitidas por organismos de certificación competentes que respondan ás normas europeas de certificación, que sexan expedidas de conformidade coa lexislación do estado membro en que estea establecido o empresario.

Os documentos a que se refiren os anteriores parágrafos deberán indicar as referencias que permitisen a inscrición do empresario na listaxe ou a expedición da certificación.

4. Se o empresario recorre á solvencia doutras empresas mediante medios externos, de acordo co artigo 75 da LCSP, deberá acreditar que dispón efectivamente deses medios para executar o contrato. Para isto, presentará o correspondente documento de compromiso de disposición conforme ao modelo que figura no **anexo XIX**.

O órgano de contratación poderá prohibir que un mesmo empresario concorra para completar a solvencia de máis dun licitador, o que fará constar no **anexo III**.

5. Documentos acreditativos da efectiva disposición dos medios que, de ser o caso, se comprometese a dedicar ou adscribir á execución do contrato.

Cando no **anexo IV** se esixa aos candidatos ou licitadores, ademais de acreditar a súa solvencia, que deben comprometerse a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para levala a cabo, xustificarán tal suficiencia polos medios que nel se establezan.

No caso daqueles contratos en que, pola súa complexidade técnica, sexa determinante concretar os medios persoais ou materiais necesarios para executar o contrato, os órganos de contratación esixirán o compromiso a que se refire o parágrafo anterior.

6. Constitución da garantía definitiva que sexa procedente, alén da subscrición das pólizas que se indican no **cadro de características**, de ser o caso.

7. Documentación relativa á parte do contrato que o licitador teña previsto subcontratar.

Cando así se esixa no **cadro de características**, os licitadores deberán indicar a parte do contrato que teñan previsto subcontratar, e sinalar o importe que isto representa en relación co orzamento de licitación, alén do nome ou o perfil empresarial, definido por referencia ás súas condicións de solvencia profesional ou técnica, dos subcontratistas aos cales vaian encomendar a súa realización, de conformidade co art. 215.2.a) da LCSP.

8. Cumprimento das normas de garantía da calidade e de xestión medioambiental, de acordo cos certificados que se sinalen no **anexo III**, se neste anexo se prevé tal requisito.

9. Habilitación empresarial ou profesional para realizar a prestación obxecto do contrato.

Se resulta legalmente esixible como condición de aptitude para contratar, deberá achegarse a documentación que acredite a correspondente habilitación empresarial ou profesional para realizar a prestación que constitúa o obxecto do contrato.

Se o contrato estivese reservado a centros especiais de emprego ou empresas de inserción, deberá presentarse un certificado oficial que acredite a súa condición de tal.

10. Unións temporais de empresarios.

No suposto de que o contrato se adxudique a unha unión temporal de empresarios, esta acreditará a súa constitución en escritura pública, así como o NIF asignado a tal unión, unha vez efectuada a adxudicación do contrato ao seu favor. En calquera caso, a duración da unión será coincidente coa do contrato até a súa extinción.

11. Obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

– Certificación positiva, expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, de acharse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, ou declaración responsable de non estar obrigado a presentalas.

– Certificación positiva, expedida pola Tesourería da Seguridade Social, de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, ou declaración responsable de non estar obrigado a presentalas.

As circunstancias establecidas nos anteriores parágrafos poderán tamén acreditarse mediante a achega dun certificado expedido polo Rexistro de Licitadores, que acredite os anteriores asuntos. Ao devandito certificado deberá xuntarse unha declaración responsable do licitador ou dos seus representantes con facultades que figuren no Rexistro, en que se manifeste que as circunstancias reflectidas no certificado non experimentaron variación.

– Xustificante de estar dado de alta no imposto sobre actividades económicas e ao corrente no seu pagamento. Achegarase copia da carta de pagamento do último exercicio, xunto cunha declaración responsable conforme non se deu de baixa na matrícula do citado imposto. En caso de estar exento deste imposto, presentarase unha declaración xustificativa ao respecto.

12. Cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais

Declaración xurada de cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais segundo o **anexo XX.**

12.2.2. Adxudicación do contrato

Presentada a documentación, nun prazo que non será superior a cinco días, adxudicarase o contrato a favor do licitador proposto como adxudicatario. Despois formalizarase o contrato. En caso contrario, entenderase que o licitador retirou a súa oferta e esixiráselle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, sen prexuízo do que dispón a letra a) do apartado 2 do artigo 71 da LCSP. Daquela efectuarase unha proposta de adxudicación a favor do seguinte candidato de acordo coa puntuación, quen terá un prazo de sete días hábiles para presentar a documentación que lle sexa requirida.

A adxudicación notificaráselles aos licitadores, e será publicada no perfil do contratante, no prazo de quince días.

A notificación e a publicidade a que se refire o parágrafo anterior deberán conter a información necesaria para lles permitir aos interesados no procedemento de contratación interpoñer un recurso suficientemente fundado contra a decisión da adxudicación, e en particular a esixida polo artigo 151.2 da LCSP.

Na notificación indicarase o prazo en que debe procederse a formalizar o contrato conforme ao artigo 153.3 da LCSP.

A notificación farase por medios electrónicos, segundo o establecido na disposición adicional décimo quinta da LCSP.

A adxudicación poderá ser obxecto de recurso, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Alternativamente á vía administrativa, poderá interpoñerse un recurso contencioso--administrativo conforme á Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso--administrativa.

O órgano de contratación poderá declarar deserta a licitación, de o considerar oportuno, por proposta da mesa de contratación, cando non exista ningunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran no prego.

13. Formalización do contrato

O contrato deberá formalizarse nun documento administrativo que se axuste con exactitude ás condicións da licitación, e que constituirá título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Así mesmo, poderá formalizarse en escritura pública se así o solicita o contratista, ao cargo de quen correrán os gastos derivados do seu outorgamento.

No documento en que se formalice o contrato non poderán incluírse, en ningún caso, cláusulas que impliquen calquera alteración dos termos da adxudicación.

O contrato perfeccionarase coa súa formalización, sen a cal non poderá iniciarse a súa execución en ningún caso.

A formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se lles notifique a adxudicación aos licitadores e candidatos na forma prevista no artigo 151 da LCSP.

Se as causas de non se formalizar o contrato fosen imputables á Administración, indemnizarase o contratista dos danos e as perdas que a mora lle puidese ocasionar.

A formalización dos contratos deberá publicarse, xunto co correspondente contrato, nun prazo que non será superior a quince días tras o perfeccionamento do contrato, no perfil de contratante do órgano de contratación.

Os anuncios de formalización de contratos conterán a información recollida no anexo III da LCSP.

IV. EXECUCIÓN DO CONTRATO

14. Facultade de dirección e inspección

De acordo co especificado no artigo 62 da LCSP, o órgano de contratación deberá designar unha persoa responsable do contrato, a quen corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades que se lle atribúan. Poderá ser unha persoa física ou xurídica, vinculada á entidade contratante ou allea a ela.

O contratista, sen custo adicional, facilitaralle á UDC asistencia profesional nas reunións explicativas ou de información que esta estime necesarias para o aproveitamento da prestación contratada.

15. Execución do contrato

A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista, que responderá da calidade dos bens e dos vicios ocultos que puidesen apreciarse durante o prazo de garantía.

O contrato executarase con estrita suxeición ás estipulacións contidas no PCAP, no contrato e na oferta realizada polo adxudicatario, observando fielmente o establecido no PPT e conforme ás instrucións que o órgano de contratación, en interpretación técnica destes documentos, lle dea ao adxudicatario.

A UDC ten a facultade de inspeccionar o proceso de fabricación ou elaboración do produto que deba serlle entregado como consecuencia do contrato, e de ser informada sobre tal proceso. Poderá ordenar ou realizar por si mesma análises, ensaios e probas dos materiais que se vaian empregar, establecer sistemas de control da calidade e ditar cantas disposicións estime oportunas para o estrito cumprimento do convido.

O contratista designará unha ou varias persoas de contacto para lle ofrecer unha atención específica ao persoal da UDC no desenvolvemento dos diferentes trámites que se deriven da subministración contratada.

O contratista comprometerase a respectar as normas que en materia de uso lingüístico dispón o Regulamento de usos da lingua galega na UDC. O órgano de contratación ofrecerá a colaboración do Servizo de Normalización Lingüística para iso.

A información, a documentación, os arquivos ou as especificacións en calquera soporte que o órgano de contratación lle facilite ao contratista para executar o contrato deberán ser consideradas por este como confidenciais, e non poderán ser obxecto, total ou parcial, de publicación, difusión, utilización para finalidade distinta da execución do contrato, comunicación ou cesión a terceiros. O contratista comprométese ao cumprimento das obrigas establecidas na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, no referente aos datos a que poida acceder en virtude da entrega de bens obxecto deste contrato, e establecerá as medidas de seguridade necesarias ao respecto.

O incumprimento dos compromisos de adscrición de medios persoais ou materiais á execución do contrato que, de ser o caso, se dispoñan no **cadro de características** e o **anexo IV** poderá ser causa de resolución do contrato cando así se determine expresamente no devandito anexo, ou ben darán lugar, de ser o caso, á imposición das penalidades que se recollan no **anexo XI**.

O adxudicatario queda obrigado ao cumprimento do prazo de execución do contrato e dos prazos parciais fixados pola Administración. En caso de superarse o prazo establecido, ou no suposto de incumprimento de prazos parciais, por causas imputables ao contratista, estarase ao disposto nos artigos 192 e 193 da LCSP. Se atendendo ás especiais características do contrato se considerase necesario para a súa correcta execución establecer penalidades distintas ás incluídas nos devanditos artigos, aparecerán especificadas no **anexo XI** deste prego.

A perda da garantía ou os importes das penalidades non exclúen a indemnización polos danos e as perdas orixinados pola mora do contratista a que poida ter dereito a Administración, de acordo co artigo 194 da LCSP.

En calquera caso, a constitución en mora do contratista non requirirá intimación previa por parte da Administración.

O cumprimento defectuoso das prestacións que son obxecto do contrato, o incumprimento dos compromisos de adscrición de medios, ou das condicións especiais de execución do contrato, de obrigas do contratista en materia medioambiental, social e laboral ou dalgún dos criterios que servisen de base para valorar as ofertas, dará lugar á imposición de penalidades cando así se indique no **anexo XI** deste prego, na forma nel prevista.

16. Entrega de bens

O contratista estará obrigado a entregar os bens obxecto de subministración no tempo e o lugar fixados no contrato e de conformidade co PPT e o PCAP.

17. Seguros

O contratista deberá ter subscritos os seguros obrigatorios, así como un seguro que cubra as responsabilidades que se deriven da execución do contrato, nos termos que, de ser o caso, se indiquen no **cadro de características**, polos conceptos, contías, coberturas, duración e condicións que nel se establecen.

18. Condicións especiais de execución do contrato de carácter social, ético, medioambiental ou doutra orde

O órgano de contratación poderá establecer condicións especiais en relación coa execución do contrato, sempre que estean vinculadas ao seu obxecto, no sentido do artigo 145 da LCSP, non sexan directa ou indirectamente discriminatorias e resulten compatibles co dereito comunitario.

O órgano de contratación establecerá condicións especiais en relación coa execución do contrato, as cales se describirán no **anexo X**, cuxo incumprimento terá as consecuencias que se establezan no devandito anexo.

No **anexo X** será obrigatorio establecer, cando menos, unha das condicións especiais de execución do contrato de carácter social, ético, medioambiental ou doutra orde que enumera o artigo 202.2 da LCSP.

Así mesmo, poderán preverse no **anexo XI** penalidades para o incumprimento destas condicións especiais.

Todas as condicións especiais de execución que formen parte do contrato serán esixidas igualmente a todos os subcontratistas que participen en tal execución.

19. Obrigas do contratista

19.1. En materia medioambiental, social e laboral, fiscal e de transparencia

O contratista está obrigado ao cumprimento da normativa vixente en materia laboral e de seguridade social. Así mesmo, está obrigado ao cumprimento do Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social; a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes; a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais; e o regulamento dos servizos de prevención, aprobado polo Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, así como das normas que se promulguen durante a execución do contrato.

A empresa contratista está obrigada a cumprir durante todo o período de execución do contrato as normas e condicións fixadas no convenio colectivo de aplicación. En calquera caso, o adxudicatario estará obrigado a cumprir coas condicións salariais dos traballadores conforme ao convenio colectivo sectorial de aplicación.

Os organismos en que os licitadores poderán obter información sobre fiscalidade, protección do medio ambiente, disposicións vixentes en materia de protección do emprego, igualdade de xénero, condicións de traballo e prevención de riscos laborais, inserción sociolaboral das persoas con discapacidade e obriga de contratar un número ou unha porcentaxe específicos de persoas con discapacidade, de seren condicións aplicables durante a execución do contrato, serán os sinalados no **anexo XVIII** deste prego.

Así mesmo, de conformidade co establecido no artigo 4 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno, o adxudicatario do contrato está obrigado a lle subministrar á Administración, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas na citada norma, así como naquelas que se diten no ámbito universitario.

Os órganos de contratación tomarán as medidas pertinentes para garantir que na execución dos contratos o adxudicatario cumpre as obrigas aplicables en materia medioambiental, social ou laboral establecidas no dereito da Unión Europea, o dereito nacional, os convenios

colectivos ou as disposicións de dereito internacional medioambiental, social e laboral que vinculen o Estado español e en particular as establecidas no anexo V da LCSP.

O incumprimento das obrigas referidas no anterior parágrafo, e, en especial, os incumprimentos ou os atrasos reiterados no pagamento dos salarios ou a aplicación de condicións salariais inferiores ás derivadas dos convenios colectivos que sexa grave e dolosa, dará lugar á imposición das penalidades a que se refiren o artigo 192 da LCSP e o **anexo XI** deste prego.

Non existirá ningunha vinculación laboral entre o persoal que se destine á execución do contrato e a UDC, por canto aquel queda expresamente sometido ao poder de dirección e de organización da empresa adxudicataria en todos os ámbitos e ordes legalmente establecidos. Por tanto, a empresa adxudicataria será a única responsable e obrigada ao cumprimento de cantas disposicións legais resulten aplicables ao caso, en especial en materia de contratación, seguridade social, prevención de riscos laborais e tributaria, e iso con independencia das facultades de control e inspección que legal e/ou contractualmente correspondan á UDC.

19.2. En supostos de subcontratación

Se así está previsto no **cadro de características**, o contratista poderá concertar a realización parcial da prestación cos requisitos e o alcance que establece o artigo 215 da LCSP.

Respecto dos servizos ou traballos de colocación ou instalación no contexto dun contrato de subministración, o órgano de contratación poderá establecer no **cadro de características** e no **anexo V** que determinadas tarefas críticas non poidan ser obxecto de subcontratación, de xeito que deberán ser executadas directamente polo contratista principal. A determinación das tarefas críticas terá que ser obxecto de xustificación no expediente de contratación.

Así mesmo, o órgano de contratación poderá esixirlles aos licitadores que indiquen na súa oferta a parte do contrato que prevexan subcontratar, co seu importe e o nome ou perfil empresarial dos subcontratistas a que vaia encomendala, de acordo co artigo 215.2 da LCSP, definido por referencia ás condicións de solvencia profesional ou técnica destes. Neste caso, se os subcontratos non se axustan ao indicado na oferta, non poderán subscribirse até transcorreren vinte días desde que se efectúen a notificación e a achega das xustificacións referidas no artigo 215 da LCSP, salvo autorización expresa con anterioridade da UDC ou situación de emerxencia xustificada, excepto se a UDC notifica neste prazo a súa oposición.

A subscrición de subcontratos polo contratista estará sometida ao cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 217 da LCSP. O adxudicatario deberá comunicar á UDC, en calquera caso, de forma anticipada e por escrito, a súa intención de subscribir subcontratos. Nesta comunicación sinalará a parte da prestación que se pretende subcontratar e a identidade, os datos de contacto e os representantes legais do subcontratista. Así mesmo, achegará a documentación que xustifique a aptitude do subcontratista para executar a parte da prestación que se pretende subcontratar por referencia aos elementos técnicos e humanos de que dispón e a súa experiencia, amais dunha declaración responsable do subcontratista de non estar incurso en prohibición de contratar coa Administración.

O contratista principal deberá notificar por escrito ao órgano de contratación calquera cambio que sufra esta información durante a execución do contrato principal, e todos os datos sobre os novos subcontratistas que sexan necesarios.

O contratista deberá informar os representantes dos traballadores da subcontratación, de acordo coa lexislación laboral.

A infracción destas condicións, así como a falta de acreditación da aptitude do subcontratista ou das circunstancias determinantes que fan urxente a subcontratación, terá, entre outras previstas na LCSP e en función da súa repercusión na execución do contrato, algunha das seguintes consecuencias:

a) A imposición ao contratista dunha penalidade de até un 50% do importe do subcontrato, segundo o establecido no **cadro de características** e no **anexo XI** deste prego.

b) A resolución do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos establecidos no segundo parágrafo da letra f) do apartado 1 do artigo 211 LCSP.

A UDC poderá comprobar o estrito cumprimento dos pagamentos que o contratista teña que facer aos subcontratistas ou subministradores que participen no contrato. Esta circunstancia recollerase no **anexo XII**, relativo ás obrigas esenciais do contrato.

Nese caso, o contratista remitirá á UDC unha relación detallada dos subcontratistas ou subministradores que participen no contrato cando se perfeccione a súa participación, xunto coas condicións de subcontratación ou subministración de cada un deles que garden unha relación directa co prazo de pagamento. Estas obrigas terán a consideración de condicións esenciais da execución do contrato, e o seu incumprimento, alén das consecuencias previstas polo ordenamento xurídico, permitirá a imposición das penalidades que se prevexan no **cadro de características**, de ser o caso.

Así mesmo, achegará á UDC un xustificante do cumprimento dos prazos de pagamento establecidos no artigo 216 da LCSP.

En calquera caso, os subcontratistas quedarán obrigados só ante o contratista principal, que asumirá, por tanto, a total responsabilidade da execución do contrato fronte á Administración, de acordo estritamente cos PCAP e os termos do contrato, incluído o cumprimento das obrigas en materia medioambiental, social ou laboral a que se refire o artigo 201 da LCSP.

Os subcontratistas non terán acción directa fronte á Administración contratante polas obrigas contraídas con eles polo contratista como consecuencia da execución do contrato principal e dos subcontratos.

De conformidade co disposto na disposición adicional quincuaxésima primeira, sen prexuízo do previsto nos artigos 216 e 217 e sempre que se cumpran as condicións establecidas no artigo 215, o órgano de contratación poderá prever nos PCAP que se realicen pagamentos directos aos subcontratistas. Neste contrato estarase ao disposto no **cadro de características.**

Os pagamentos a favor do subcontratista entenderanse feitos por conta do contratista principal, e manterán en relación coa Administración contratante a mesma natureza de aboamentos a boa conta que a das certificacións de obra.

En ningún caso será imputable á Administración o atraso no pagamento derivado da falta de conformidade do contratista principal coa factura presentada polo subcontratista.

19.3. Relativas á xestión de permisos, licenzas e autorizacións

O contratista estará obrigado, agás se o órgano de contratación decide xestionalo por si mesmo e así llo fai saber de forma expresa, a xestionar os permisos, as licenzas e as autorizacións que se establezan nas ordenanzas municipais e nas normas de calquera outro organismo público ou privado que sexan necesarias para prestar a subministración. Para iso solicitará á Administración os documentos que sexan precisos.

19.4. Gastos e impostos esixibles ao contratista

Son de conta do contratista os gastos e impostos de formalización do contrato, no suposto de o conformar en escritura pública, así como os derivados das licenzas, as autorizacións e os permisos necesarios para executar o contrato. Así mesmo, queda obrigado a satisfacer todos os gastos que a empresa deba acometer para cumprir o contrato, como son os xerais, financeiros, de seguros, transportes e desprazamentos, materiais, instalacións, honorarios do persoal ao seu cargo, de comprobación e ensaio, taxas e toda clase de tributos, o IVE e calquera outro que puidese derivarse da execución do contrato durante a súa vixencia.

Tanto nas ofertas que formulen os licitadores como nas propostas de adxudicación entenderanse comprendidos, para todos os efectos, os tributos de calquera tipo que graven os diversos conceptos.

Non obstante, en calquera caso, na oferta económica o importe do IVE indicarase como partida independente.

19.5. Deber de confidencialidade e protección de datos de carácter persoal

En relación coa confidencialidade será de aplicación o disposto no artigo 133 da LCSP.

O contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información a que teña acceso con motivo de se executar o contrato, á cal se lle dese o referido carácter nos pregos ou no propio contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase no prazo establecido no **cadro de características.**

Non poderá divulgarse a información facilitada polos empresarios que estes designen como confidencial cando así o acorde o órgano de contratación. Para estes efectos, os licitadores deberán incorporar en cada un dos sobres, conforme ao **anexo XXI**, a relación de documentación para a que propoñan ese carácter confidencial e fundamentar o motivo de tal carácter.

A empresa adxudicataria e o seu persoal están obrigados a gardar o segredo profesional respecto aos datos de carácter persoal de que puidesen ter coñecemento por causa da prestación do contrato, obriga que subsistirá aínda despois da finalización deste de conformidade co artigo 10 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

O adxudicatario deberá formar e informar o seu persoal no tocante ás obrigas que en materia de protección de datos estea obrigado a cumprir no desenvolvemento das súas tarefas para a prestación do contrato, en especial as derivadas do deber de segredo. A empresa adxudicataria responderá persoalmente das infraccións legais nesta materia en que se puidese incorrer por incumprimento dos seus empregados.

Durante a execución do contrato, o adxudicatario e o seu persoal estarán suxeitos ao estrito cumprimento dos documentos de seguridade das dependencias universitarias en que se realice o seu traballo.

Se o contrato adxudicado implica o tratamento de datos de carácter persoal, deberá respectarse na súa integridade a Lei orgánica, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e a súa normativa de desenvolvemento, de acordo co establecido na disposición adicional vixésimo quinta da LCSP[1].

19.6. Cesión do contrato

Os dereitos e as obrigas dimanantes deste contrato poderán ser cedidos polo adxudicatario a un terceiro sempre que as calidades técnicas ou persoais do cedente non fosen a razón determinante da adxudicación do contrato, se cumpran os supostos e os requisitos establecidos no artigo 214.2 da LCSP, e da cesión non resulte unha restrición efectiva da competencia no mercado. Sen prexuízo do establecido no apartado 2, letra b) do artigo 214 da LCSP, non poderá autorizarse a cesión a un terceiro cando esta supoña unha alteración substancial das características do contratista se estas constitúen un elemento esencial do contrato.

En relación coa posibilidade de cesión do contrato haberá que estar ao establecido no **cadro de características.**

19.7. Outras obrigas do contratista

– Os gastos de comprobación de materiais, vixilancia do proceso de fabricación, se procede, e os de materiais, persoal, transporte, entrega e retirada dos bens até o lugar de destino convido, montaxe, posta en funcionamento ou uso e posterior asistencia técnica dos bens que se subministren durante o respectivo prazo de garantía, así como calquera outro gasto a que houbese lugar para a realización do obxecto do contrato, incluídos os fiscais.

---

[1] Se o contrato implica que a empresa adxudicataria proceda ao tratamento de datos persoais, conforme á disposición adicional vixésimo quinta da LCSP, lémbrase que as previsións do artigo 12 da Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal deberán recollerse especificamente no PPT do contrato.

– As probas, os ensaios ou informes necesarios para verificar a correcta execución da subministración contratada.

– A indemnización dos danos que se causen tanto á UDC como a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución da subministración, salvo cando tales prexuízos fosen ocasionados por unha orde inmediata e directa da UDC.

– Calquera reclamación relativa á propiedade industrial, intelectual ou comercial dos materiais, procedementos e equipos utilizados na fabricación da subministración. Deberá indemnizar a UDC por todos os danos e as perdas que para esta puidesen derivarse da interposición de reclamacións, incluídos os gastos derivados das que puidesen dirixirse contra ela eventualmente.

20. Prazos e penalidades

O adxudicatario queda obrigado ao cumprimento do prazo de execución do contrato e dos prazos parciais fixados pola UDC no **cadro de características**. En caso de superarse o prazo establecido, ou no caso de incumprimento de prazos parciais, por causas imputables ao contratista, estarase ao disposto nos artigos 192 e 193 da LCSP. Se atendendo ás especiais características do contrato se considera necesario para a súa correcta execución establecer penalidades distintas ás incluídas en tales artigos, estas especificaranse no **anexo XI**.

Se as subministracións sufrisen un atraso na súa entrega, sempre que este non sexa imputable ao contratista, e este ofrecese cumprir os seus compromisos de se lle ampliar o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederalle tal prórroga e daralle un prazo que será, cando menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pida outro menor, de acordo co establecido no artigo 195.2 da LCSP. Os requisitos e trámites regularanse conforme ao artigo 100 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, en diante RXLCAP). O responsable do contrato emitirá un informe en que se determine se o atraso foi producido por motivos imputables ao contratista.

De conformidade co disposto no artigo 29.3 da LCSP, cando se produza unha mora na execución da prestación por parte do empresario, o órgano de contratación poderá conceder unha ampliación do prazo de execución, sen prexuízo das penalidades que procedan. Resultará aplicable o previsto no artigo 192 e seguintes da LCSP.

A perda da garantía ou os importes das penalidades non exclúen a indemnización polos danos e as perdas a que poida ter dereito a UDC por causa da mora do contratista, de acordo co artigo 194 da LCSP.

En calquera caso, a constitución en mora do contratista non requirirá intimación previa por parte da UDC.

O importe das penalidades por mora deducirase das certificacións ou, cando non poida ser deducido destas, da garantía.

O cumprimento defectuoso das prestacións obxecto do contrato, así como o incumprimento dos compromisos de adscrición de medios, das condicións especiais de execución do contrato ou dalgún dos criterios que serviron de base para valorar as ofertas, darán lugar á imposición de penalidades cando así se indique no **anexo XI** deste prego, na forma alí prevista.

21. Aboamento do prezo

O adxudicatario terá dereito ao aboamento do prezo das subministracións con efecto entregadas e formalmente recibidas pola UDC de acordo coas condicións establecidas na LCSP e no contrato. A forma de pagamento e a súa periodicidade serán as especificadas no **cadro de características**.

De acordo co establecido no artigo 198 da LCSP, a UDC terá a obriga de aboar o prezo dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados, sen prexuízo do establecido no artigo 210.4 da LCSP. Se se demorase, deberá aboar ao contratista, a partir do cumprimento

do devandito prazo de trinta días, os xuros de mora e a indemnización correspondente polos custos de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Para que corresponda iniciar o cómputo do prazo para a devindicación de xuros de mora, o contratista deberá ter cumprido a obriga de presentar a factura ante o rexistro administrativo correspondente nos termos establecidos na normativa vixente sobre factura electrónica, en tempo e forma, no prazo de trinta días desde a data da entrega efectiva das mercadorías.

En calquera caso, se o contratista incumprise o prazo de trinta días para presentar a factura ante o rexistro administrativo correspondente nos termos establecidos na normativa vixente sobre factura electrónica, a devindicación de xuros non se iniciará até transcorridos trinta días desde a data da correcta presentación da factura, sen que a Administración aprobase a conformidade, se procedese, e efectuado o correspondente aboamento.

A UDC deberá aprobar os documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados dentro dos trinta días seguintes á entrega efectiva dos bens.

De acordo co disposto no artigo 200 da LCSP, o contratista poderá ceder, conforme a dereito, o dereito de cobro que teña fronte á UDC.

22. Recepción e prazo de garantía

No PPT indicarase, de ser o caso, o lugar de entrega dos bens obxecto do contrato.

A correcta execución do obxecto do contrato acreditarase mediante unha certificación expedida pola persoa que sexa a responsable do contrato.

A recepción do obxecto do contrato efectuarase nos termos e coas formalidades establecidos nos artigos 210 e 300 da LCSP.

Se os bens non se atopan nun estado óptimo para ser recibidos, farase constar así na acta de recepción e daranse as instrucións precisas ao contratista para que emende os defectos observados ou proceda a unha nova subministración de conformidade co pactado.

Se durante o prazo de garantía se acredita a existencia de vicios ou defectos nos bens subministrados, a Administración terá dereito a reclamar ao contratista a reposición dos que resulten inadecuados, ou ben a súa reparación, se fose suficiente.

Durante este prazo de garantía, o contratista terá dereito a coñecer a aplicación dos bens subministrados e a ser oído no tocante a este asunto.

Se, durante o prazo de garantía, o órgano de contratación estimase que os bens subministrados non son aptos para o fin pretendido como consecuencia dos vicios ou defectos observados neles e imputables ao contratista, e existise a presunción de que a reposición ou reparación dos devanditos bens non serán suficientes para lograr aquel fin, poderá, antes de expirar este prazo, rexeitar os bens e deixalos de conta do contratista, quedando exento da obriga de pagamento ou tendo dereito, de ser o caso, á recuperación do prezo satisfeito.

Unha vez efectuada a recepción da totalidade do traballo e cumprido o prazo de garantía que, de ser o caso, se indique no contrato, procederase á devolución da garantía prestada, se non resultan responsabilidades que teñan que exercitarse sobre a garantía, de conformidade co establecido no artigo 111 da LCSP.

O prazo mínimo de garantía deste contrato será o fixado no **cadro de características** e comezará a computarse desde a data de recepción ou conformidade. Se durante o devandito prazo se acredita a existencia de vicios ou defectos nos bens subministrados, a UDC terá dereito a reclamar ao contratista a reposición dos que resulten inadecuados, ou a súa reparación, se fose suficiente, de acordo co artigo 305 da LCSP.

Transcorrido o prazo de garantía sen que a Administración formalizase ningún reparo, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade por razón da prestación efectuada. Procederase daquela á devolución ou cancelación da garantía definitiva.

23. Modificacións do contrato e suspensión

Unha vez perfeccionado o contrato, o órgano de contratación só poderá introducir modificacións por razóns de interese público nos casos e da forma previstos nos artigos 203 a 205 da LCSP, de acordo co procedemento regulado no artigo 191 da LCSP, e coas particularidades previstas no artigo 207 da LCSP.

Estas modificacións, que resultarán en calquera caso obrigatorias para o contratista, deberán ser acordadas polo órgano de contratación, logo de se tramitar o procedemento previsto no artigo 191 da LCSP, e formalizarse en documento administrativo segundo o sinalado no artigo 153 da LCSP, sempre despois do reaxuste da garantía definitiva, de ser o caso.

De acordo co establecido nos artigos 63 e 207 da LCSP, as modificacións deberán publicarse no perfil do contratante.

Así mesmo, no suposto de que o órgano de contratación modifique o contrato durante a súa vixencia, con independencia de se o contrato está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicar un anuncio de modificación no perfil do contratante no prazo de cinco días desde que se aprobe o cambio. O devandito anuncio terá que ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se elaborasen con carácter previo á aprobación do cambio, incluídos aqueles proporcionados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

De conformidade co artigo 301 da LCSP, no contrato de subministracións en que o prezo se determine mediante prezos unitarios poderá incrementarse o número de unidades que se vaian subministrar até a porcentaxe do 10% do prezo do contrato, a que se refire o terceiro parágrafo do artigo 205.2.c). Neste caso non será preciso tramitar o correspondente expediente de modificación sempre que así se establecese no PCAP e se acredite o financiamento oportuno no expediente orixinario do contrato.

Neste contrato, a posibilidade de incrementar o número de unidades até o 10% do prezo do contrato establécese no **cadro de características**.

23.1. Modificacións previstas no PCAP

Se así se prevé no **cadro de características**, segundo o detallado no **anexo XIII** do prego, este contrato poderá modificarse durante a súa vixencia, até un máximo do 20% do prezo inicial, coa seguinte forma e contido:

a) A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.

b) No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente: o seu alcance, os seus límites e a súa natureza; as condicións en que poderá facerse uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia poida verificarse de forma obxectiva; e o procedemento que deba seguirse para realizar a modificación. A cláusula de modificación establecerá, así mesmo, que o cambio non poderá supoñer o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.

23.2. Modificacións non previstas na PCAP

Só poderán introducirse modificacións distintas das previstas no **anexo XIII** deste prego, ou que, estando previstas, non se axusten ao establecido no apartado anterior, cando a modificación cumpra os seguintes requisitos:

a) Que teña a súa xustificación nalgún dos supostos que se relacionan no artigo 205.2 da LCSP.

b) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

Estas modificacións do contrato non previstas no prego serán obrigatorias para o contratista cando impliquen, illada ou conxuntamente, unha alteración na súa contía que non exceda do 20% do prezo inicial do contrato, IVE excluído.

Cando a modificación non resulte obrigatoria para o contratista, de conformidade co disposto no apartado anterior, só será acordada polo órgano de contratación logo de se obter a conformidade por escrito do contratista. En caso contrario resolverase o contrato, segundo o establecido no artigo 211.1.g) da LCSP.

23.3. Suspensión do contrato

A UDC, por razóns de interese público, poderá acordar a suspensión da execución do contrato. Igualmente, procederá a suspensión do contrato de se dar a circunstancia sinalada no artigo 198.5 da LCSP. Para os efectos da suspensión do contrato estarase ao disposto no artigo 208 da LCSP, así como nos preceptos concordantes do RXLCAP.

De conformidade co artigo 208 da LCSP, se a UDC acordase a suspensión do contrato ou aquela tivese lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5 da LCSP, a Administración aboará ao contratista os danos e as perdas que efectivamente sufra con suxeición ás regras establecidas no **cadro de características.**

24. Resolución do contrato

Serán causa de resolución do contrato, ademais das establecidas nos artigos 211 e 306 da LCSP, as previstas no **anexo XIV** deste prego. O expediente de resolución contractual deberá instruírse e resolverse no prazo máximo de oito meses.

Ademais, o contrato poderá ser resolto polo órgano de contratación cando se produza un incumprimento parcial imputable ao contratista na execución das prestacións definidas no contrato, ou se o contratista incorrese en mora respecto ao cumprimento do prazo total, sempre que o órgano de contratación non opte por impoñer as penalidades sinaladas nos artigos 192.1 e 193.3 da LCSP.

Non obstante, cada vez que as penalidades por mora alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato, IVE excluído, o órgano de contratación estará facultado para proceder á súa resolución ou acordar a continuidade da súa execución coa imposición de novas penalidades.

Tamén serán causas de resolución do contrato, ao abeiro do artigo 211.1.f) da LCSP, aquelas establecidas como obrigas esenciais polo órgano de contratación no **anexo XII.**

Cando o contrato se resolva por incumprimento culpable do contratista, a garantía seralle incautada, e ademais este deberá indemnizar a Administración polos danos e as perdas ocasionados. A determinación dos danos e perdas de que deba indemnizar o contratista será levada a cabo polo órgano de contratación en decisión motivada, logo de audiencia daquel, atendendo, entre outros factores, ao atraso que implique para o investimento proxectado e os maiores gastos que ocasione á Administración.

V. PRERROGATIVAS DA UDC, XURISDICIÓN E RECURSOS

25. Prerrogativas da UDC

Dentro dos límites da LCSP, e con suxeición aos requisitos e efectos nela sinalados, o órgano de contratación ten a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofreza o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ao contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución deste, acordar a súa resolución e determinar os efectos de tal resolución.

Igualmente, o órgano de contratación ten facultades de inspección das actividades realizadas polos contratistas durante a execución do contrato, nos termos e cos límites dispostos na LCSP para cada tipo de contrato. En ningún caso as devanditas facultades de inspección poderán implicar un dereito xeral do órgano de contratación a inspeccionar as instalacións, oficinas e demais localizacións en que o contratista desenvolva as súas actividades, agás que tales localizacións e as súas condicións técnicas sexan determinantes para a execución das prestacións obxecto do contrato, asunto que deberá quedar xustificado de forma expresa e detallada no expediente administrativo.

Os procedementos para adoptar acordos relativos ás prerrogativas establecidas anteriormente instruiranse de conformidade co disposto no artigo 191 da LCSP.

Nos procedementos que se instrúan para adoptar acordos relativos ás prerrogativas establecidas no artigo anterior, deberá darse audiencia ao contratista. Será preceptivo o ditame do Consello Consultivo de Galicia nos casos que se indican a continuación:

a) A interpretación, nulidade e resolución dos contratos, cando se formule oposición por parte do contratista.

b) As reclamacións dirixidas á Administración con fundamento na responsabilidade contractual en que esta puidese incorrer, nos casos en que as indemnizacións reclamadas sexan de contía igual ou superior a 50 000 €. Esta contía podería ser rebaixada pola normativa da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os acordos que adopte o órgano de contratación porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos.

26. Xurisdición competente e recursos

De conformidade co artigo 27 da LCSP, a orde xurisdicional contencioso-administrativa será a competente para resolver as cuestións litixiosas relativas á preparación, a adxudicación, os efectos, a modificación e a extinción do contrato.

Os actos que se diten nos procedementos abertos simplificados de adxudicación dos contratos de subministración das administracións públicas poderán ser obxecto de recurso, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Versión en castelán Informada polo Servizo de Asesoría Xurídica o 26/11/2018.

Tradución ao galego realizada polo Servizo de Normalización Lingüística o 31/10/2018.
En caso de erro ou discrepancia terase en conta a versión en castelán.